

## «A revolta de Escairón pareceuse aos vellos motines populares extinguidos no século XIX»

FRANCISCO ALBO ENTREVISTA A María Jesús Souto, historiadora e investigadora dos disturbios de 1946 no Saviñao

A historiadora lucense María Jesús Souto Blanco, autora de «A represión franquista na provincia de Lugo» e «Os apoios ao réxime franquista na provincia de Lugo», é a primeira investigadora que estudou a pouco coñecida revolta popular que se produciu no Saviñao na primavera de 1946. Aquel levantamento, protagonizado por mulleres que trataron de impedir a incautación obrigatoria dunha parte do gran cultivado no municipio, presenta un gran parecido cos motines populares arcaicos, segundo a historiadora. María Jesús Souto deu o pasado venres unha charla sobre este episodio histórico no Círculo Saviñao.

ALBERTO LÓPEZ



En opinión de María Jesús Souto, os sucesos rexistrado en Escairón en 1946 representan un caso típico de motín popular por fame, pero se desenvolveron dunha forma que parece corresponder a épocas moi anteriores.

### -¿Que importancia histórica tivo este suceso?

-Polas súas características -unha revolta causada pola penuria e encabezada polas mulleres, precisamente para non provocar unha represión demasiado dura- corresponde a un tipo de protesta popular que foi descrita e estudada pola sociología histórica en moitos lugares de Europa, pero que non se daba desde mediados do século XIX. O franquismo significou unha volta atrás en todos os sentidos e nos primeiros anos da posguerra as condicións de vida sufriron un enorme retroceso. Por iso puido xurdir un motín de tipo arcaico como este en pleno ano 1946.

### -¿Hubos casos parecidos noutras zonas de Galicia?

-Non teño constancia de ningún, pero seguramente houbo outros casos así porque as condicións eran as mesmas en todas partes. O que pasa é que destes feitos apenas quedan pegadas documentais. A prensa de entón non podía dicir nin unha palabra e a propia documentación oficial do réxime sobre estes sucesos foi expurgada. Eu encontrei documentos sobre este caso nos arquivos do Goberno Civil, pero creo que se conservaron alí por pura casualidade.

### -¿Que consecuencias tivo?

-Con aquela revolta non se conseguiu o que quería a xente, é dicir, que todo o gran cultivado no Saviñao quedase no municipio e que baixase o prezo do pan. A Garda Civil actuou sen contemplacións, o gran foi levado fose e o motín quedou sufocado enseguida, aínda que non houbo maiores represalias. No entanto, esta e outras protestas que se deron nesa época forzaron ao réxime a abandonar os seus proxectos de autarquía, porque quedou claro que a situación era insostible. O franquismo tivo que renunciar a alimentar á poboación só cos recursos propios e ao pouco tempo empezou a importar trigo da Arxentina.